



**Resolución de 31 de maio da Dirección xeral da Academia Galega de Seguridade Pública pola que se convoca ao alumnado á realización do curso básico de auxiliares de Policía Local e se anuncia a data de celebración da elección de destinos do proceso selectivo unitario para a cobertura de 109 postos de auxiliar de policía local convocado por Orde d0 22 de marzo de 2018 (DOG núm. 65, do 4 de abril de 2018)**

De conformidade co establecido nas bases 7 e 8 de da Orde de 22 de marzo de 2018 (DOG núm. 65, del 4 de abril de 2018)

#### RESOLVO

**Primeiro.:** Convocar aos/as aspirantes que superaron a proba de coñecementos e que se enumeran no anexo desta resolución a realización do curso básico de auxiliares de policía local os **días 2,3 e 4 de xuño do ano en curso.**

O horario do mesmo é de 10:00 a 14:00 e de 15:30 a 19:30, agás o luns día 4, que rematará as 20:30 horas.

O curso de formación é requisito indispensable para poder ser contratado como auxiliar de policía local no concello correspondente, tal e como establece a base sétima da referida orde de convocatoria e o artigo 95.4 do decreto 243/2008, do 16 de outubro, aplicable neste suposto.

**Segundo.:** Informar que de acordo co establecido na base 8.3 o **día 5 de xuño do ano 2018 ás 11:00 horas convocase as persoas aprobadas a sesión de elección de praza.**

A listaxe de persoas que superaron o proceso selectivo e obtiveron praza publicarase na Web da Agasp e no seu taboleiro de anuncios o luns 4 de xuño de 2018.

Recordar, que a concorrencia por parte das persoas aprobadas a esta reunión de elección de praza é obrigatoria nos mesmos termos e coas mesmas excepcións que





se aplican á obriga de acudir ás probas das oposicións consonte o artigo 12 do Decreto 243/2008. Ás persoas aprobadas que, estando obrigadas, non comparezan persoalmente ou por medio de representante seranlles adxudicadas as prazas que lles correspondan segundo a puntuación obtida no proceso selectivo, unha vez concluído o proceso de adxudicación daquelas ás persoas aprobadas presentes ou representadas, entre as que quedasen sen adxudicar.

Contra esta resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante o vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da súa publicación na páxina Web da Agasp, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, ou poderase interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, contados desde a mesma data, de conformidade co disposto no artigo 8.2 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, en relación co artigo 10.1 do mesmo texto legal.

A Estrada, 31 de maio de 2018

Luis Menor Pérez

Director xeral da Agasp

